

UN MAR DE TESOUROS

Tesouros vivos do patrimonio marítimo inmaterial de A Guarda



Concello de A Guarda

UN MAR
DE
TESOUROS

Tesouros vivos do património marítimo imaterial de A Guarda

EDITA	CONCELLO DE A GUARDA
TEXTOS	ASOCIACIÓN CULTURAL E PEDAGÓXICA PONTE...NAS ONDAS! SANTIAGO VELOSO TRONCOSO PEDRO TELMO RODRÍGUEZ CASTRO
DISEÑO PORTADA E MAQUETACIÓN	PEDRO TELMO RODRÍGUEZ CASTRO
EDICIÓN AO COIDADADO DE	K12 COMUNICACIÓN
FOTOGRAFÍA ANTIGA	ASOCIACIÓN INFOMAXE A GUARDA E GLORIA PORTELA LOUREIRO
FOTOGRAFÍA RETRATOS E DIXITALIZACIÓN	1.1 FOTOGRAFÍA - YANKA SOTO / ELIA FUENTES FONDEVILA
FOTOGRAFÍAS DO PROCESO	PEDRO TELMO RODRÍGUEZ CASTRO
CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA	SANTIAGO VELOSO
EXECUCIÓN GRÁFICA	OBRADOIRO GRÁFICO

1ª EDICIÓN: SETEMBRO 2013

DEP. LEGAL - VG724-2013

Índice

LIMIAR 7

O PROXECTO 9

Os TESOUROS VIVOS 15

A MEMORIA DO MAR 19

Os OFICIOS 24

AS PERSOAS PORTADORAS 33



“ O portiño do Sollás
é un portiño dos mellores,
se non fora pola Luisa
entrarían os vapores.

Estes catro versos recítaos unha persoa de Camposancos e corren o risco de perderse para sempre se ningún se preocupa de recollelos en libro, CD ou calquera outro soporte. E como estes, milleiros. E non só cantigas; tamén lendas, refráns, relatos históricos ou de ficción, experiencias, etc. Isto en canto ao patrimonio inmaterial, porque o material perdeuse ou estragouse en boa parte.

Cando hai uns anos se organizou a 1ª Mostra das Tradicións Mariñeiras alguén, con moito acerto, pensou que tiñamos por diante o reto de recuperar todo canto puideramos do patrimonio mariñeiro, tanto material como inmaterial. Diso temos xa un material moi valioso e, en parte, único. Que fermoso documento o que recolle unha simulación de poxa na nosa lonxa, poxa a viva voz feita polo último home que empregou este método!

Feitas estas primeiras incursións no patrimonio inmaterial, era preciso facer un traballo máis sistemático. Aproveitando unha axuda europea a través do GAC 7, Ponte...nas ondas! levou adiante o proxecto chamado “Recuperación do Patrimonio Marítimo Inmaterial do Concello de A Guarda”, que hoxe toma concreción e damos a coñecer. Penso que é un fantástico traballo que preserva o noso patrimonio inmaterial mariñeiro e que ten que servir de acicate para facelo noutros eidos.

Grazas a Ponte...nas ondas! polo traballo feito; e un profundo agradecemento ás persoas portadoras, auténticos “tesouros vivos”, que nos contaron, o que saben. Grazas a eles todos nós somos hoxe un pouquiño máis sabios.

José Manuel Domínguez Freitas
Alcalde de A Guarda



O proxecto

O proxecto realizado no Concello de A Guarda, entre novembro de 2012 e setembro de 2013, consistiu na realización dun estudo e inventario das persoas e grupos de portadores da cultura marítima que se poden considerar “tesouros vivos” do patrimonio marítimo.

Este proxecto, presentado polo Concello de A Guarda, que forma parte do GAC 7 Ría de Vigo – A Guarda, obtivo deste organismo parte do financiamento para a súa execución. A Asociación Cultural e Pedagóxica Ponte...nas ondas! foi a encargada de realizar os traballos que se contemplaban no proxecto inicial. Tal como se recollía no plano presentado, contou coa colaboración da Confraría de Pescadores Sta. Tecla de A Guarda, a Asociación de Redeiras Atalaia do Baixo Miño e a Organización de Palangreiros de A Guarda.

Os centros educativos foron e serán partícipes deste proxecto, levando ás aulas os saberes destes “tesouros vivos”. Un equipo profesional encargouse de documentar as entrevistas con estas persoas e grupos para a relación dos traballos finais.

[9]

Ademais destas accións, os tesouros vivos participaron en actos e actividades de recoñecemento social onde foron valorizados os seus saberes e habilidades.

Trátase dun plan de transmisión do patrimonio cultural inmaterial galego-portugués que o Concello de A Guarda está a implantar con esta primeira acción que será completada noutros ámbitos do patrimonio.

Entre as medidas que se incluíron neste proxecto contemplouse a identificación, a documentación, a investigación, a preservación, a protección, a promoción, a valorización, a transmisión -basicamente a través do ensino formal e non formal- e a revitalización deste patrimonio nos seus distintos aspectos segundo recomenda a Convención da UNESCO para a Salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial no seu artigo 2.3.

Durante o proceso de realización dos traballos puidose constatar a boa dispoñibilidade tanto das asociacións como das entidades a participar no proxecto. Esta colaboración permitiu desvelar novas informacións que aportaron achegas importantes desde o punto de vista etnográfico e antropolóxico.

[10]

Tamén se puido constatar que estes “tesouros vivos” posúen materiais e obxectos relacionados cos seus saberes que fixeron aportacións significativas para ilustrar os seus coñecementos así como fotografías sobre as súas actividades.

Constatouse que nalgúns casos, o proceso de transmisión destes saberes xa se rompeu pola simple desaparición das persoas portadoras do oficio ou saber tradicional, como é o caso dos veleiros. Aínda así, encóntranse referencias e testemuñas que teñen un importante valor e que deben ser recollidas. Noutros casos, ao quedar só unha persoa como detentora dos coñecementos é urgente e imprescindible rexistralo e transmitilo ás novas xeracións.

A finalidade do proxecto é a posta en valor dos saberes destes portadores que deben ter un recoñecemento social e posibilidade de transmitilos.

Ámbitos da cultura marítima que foron abordados no proxecto:

Argazo

Redeiras - Atadeiras

Cordelería

Carpintaría de ribeira

Marisqueo

Pesca tradicional artesanal

Pesca altura





A cultura agro-marítima presenta no espazo litoral unha ampla variedade de expresións culturais que se foron transmitindo de xeración en xeración adaptándose á realidade social de cada momento. Un vasto conxunto de actividades foi desenvolvido pola comunidades do litoral galego e do Norte de Portugal. Desde a recolla do argazo á pesca artesanal pasando pola construción de embarcacións, a elaboración das velas ou a realización e reparación de redes e artes de pesca.

Na maior parte dos casos, a adaptación ao medio ecolóxico levou a unha explotación dos recursos naturais potenciando os seus beneficios e salvagardando a súa sustentabilidade.

A relación particular que estas comunidades mantiveron ao longo dos séculos co mar está ben representada nas construcións, na toponimia, na organización comunitaria e na participación da muller como unha actora esencial no sustento das familias. Todas estas referencias culturais encóntanse presentes na tradición oral e nos saberes tradicionais. É a través das fontes orais como se pode coñecer a verdadeira historia dun pobo, a través das testemuñas de persoas e comunidades que explican e documentan unha forma de vida, unha forma de apropiación do medio natural onde se inseren.

A historia dos pobos debe poñer en valor o poder transformador das persoas, dos suxeitos singulares e colectivos.

Os seus relatos deben recollerse a través de novas fontes, non únicamente escritas senón tamén audiovisuais ou iconográficas.

O patrimonio inmaterial é a expresión máis identificadora dun pobo e como tal non pode separarse do patrimonio material que representan os bens de carácter moble ou inmobile. As expresións e saberes de carácter inmaterial producen bens materiais e tamén moitas das construcións materiais son o resultado dun proceso de coñecementos e técnicas transmitidas oralmente.

O artigo 2 da Convención para a Salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial, adoptada o 17 de outubro de 2003 pola UNESCO establece que o patrimonio cultural inmaterial infunde ás comunidades, grupos e individuos un sentimento de identidade e de continuidade, asegurando e aumentando a diversidade cultural.

Un dos medios máis eficaces para levar a cabo a salvagarda do patrimonio cultural inmaterial consiste en garantir que os detedores de devandito patrimonio prosigan co desenvolvemento dos seus coñecementos e técnicas e as transmitan ás xeracións máis novas. Tendo isto presente, os detedores do patrimonio deben ser identificados e gozar de recoñecemento social e tamén oficial.



Os tesouros vivos

Os “Tesouros Humanos Vivos” son individuos que posúen en sumo grado as habilidades e técnicas necesarias para crear ou producir determinados elementos do patrimonio cultural inmaterial en tanto que testemuñas das súas tradicións culturais vivas e do talento creativo de grupos, comunidades ou individuos presentes no seu territorio. En xeral, podemos considerar a estas persoas *portadoras* que manteñen e transmiten as diversas expresións do patrimonio inmaterial.

O patrimonio cultural inmaterial galego-portugués maniféstase nos seguintes ámbitos:

- a) As tradicións e expresións orais, incluído o idioma como vehículo do patrimonio cultural inmaterial
- b) O ciclo festivo e ritual anual
- c) A cultura agraria
- d) A cultura marítima
- e) Os saberes e técnicas artesanais tradicionais

Un “tesouro vivo” debe representar para a comunidade onde se desenvolve un referente do seu patrimonio. O seu saber contribúe ao mantemento da identidade cultural da súa comunidade e representa un valor a preservar como mostra da diversidade cultural.

Os tesouros vivos son persoas que gardan na súa memoria un inmenso patrimonio inmaterial, patrimonio que desexamos recuperar e conservar. Son *persoas portadoras* en dous sentidos: por unha banda, deben a súa importancia á memoria das testemuñas que gardan e por outra, son valiosos como protagonistas indiscutibles de feitos e accións que contribúen á conformación da historia da comunidade.

Algunhas das expresións deste patrimonio xa desapareceron ou están na memoria dunhas poucas persoas. A tendencia uniformizadora da sociedade actual, facilitada polos avances da comunicación e a información, fai que unha cultura internacional estándar ameace as expresións e as manifestacións deste patrimonio inmaterial.

Unha das formas máis efectivas de salvagardar este patrimonio intanxible é rexistrar e gravar as testemuñas de *persoas portadoras* que poden transmitir as súas destrezas e saberes ás seguintes xeracións.

O proxecto de recuperación e transmisión do patrimonio inmaterial marítimo do Concello de A Guarda, en colaboración coas comunidades e asociacións, identifica e pon en valor os saberes e destrezas de persoas portadoras da cultura marítima.

ÁMBITOS ONDE ATOPAMOS OS TESOUROS VIVOS

- En calquera das tradicións e expresións orais nas que a lingua sexa o soporte da expresión cultural.
- Nas artes do espectáculo: danzas, cantos, romarías e rituais festivos que teñan un significado esencial para unha determinada comunidade ou grupo social.
- Nos usos sociais, rituais e actos festivos que se realizan durante o ciclo anual.
- Nos coñecementos e usos relacionados coa natureza e o universo. Tanto na cultura agraria como marítima encontramos toda unha sabiduría asociada a diferentes prácticas e usos. Artes de pesca, marisqueo, extracción de argazo, confección e reparación de redes, etc.
- Nas técnicas artesanais tradicionais relacionadas con oficios e saberes.







A memoria do mar

Se hai espazos onde a vida estivo asociada ao mar, A Guarda ten probas evidentes e documentadas da relación das comunidades humanas co mar. Desde o achado paleolítico de Camposancos, *camposanquense*, aos cuncheiros presentes nas ladeiras do monte Santa Trega encontramos abundantes pegadas da relación co hábitat marítimo.

O “Cabo do mundo” ou “Boca do Miño” presenta un espazo delimitado claramente como unha cala pechada polo norte coas penas da Robaleira e polo Sur co malecón do Baloeiro.

A Vila foise sobrepondo á baixa na que tradicionalmente viviron os mariñeiros no barrio da Marina. Da vila de A Guarda temos acordos de pesca co Mosteiro de Oia nos séculos XII e XIII.

O colectivo das atadeiras “Atalaia” evoca, na súa denominación, a existencia dunha construción deste tipo de carácter militar construída no porto e que tamén serviu de faro.

Desde os tempos protohistóricos, as comunidades de piscatorias asentáronse no barrio mariñeiro conformando un núcleo con fortes lazos de cosanguinidade e tamén con abundante presenza de familias portuguesas, fundamentalmente da Povoia de Varzim (Poveiros ou Barqueiros)

A rúa dos malteses pode facer referencia á “malta” portuguesa (grupo de traballos) ou embarcación maltesa encallada nunha tempestade.

O mar presentouse sempre diante dos ollos dos mariñeiros como un desafío que servía como sustento esencial para as familias. Esta actividade era completada co cultivo das pequenas leiras que se erguían na parte alta da vila e que estaba reservada para as mulleres que ademais recollían o argazo para estercar as leiras.

Na monte do Trega apareceron *poutadas* de redes. Estes pesos son mostras da importancia que as redes tiveron sempre na cultura marítima. As agullas, os panos, os boureles, as cortizas, as cordas, os pandullos, o nylon... palabras que ataron a memoria dos mariñeiros de A Guarda. Mulleres (e tamén homes) que foron transmitindo os seus saberes desde as chavolas da ribeira aos baixos das súas casas ou en galpóns e naves onde desenvolven este labor fundamental para o pesca, tanto no río coma no mar.

Ao principio fiábase o liño e o cânabo dándolle o trouso adecuado para facer os fíos. Nestes fiadeiros cantábase e desenvolvíase unha intensa relación social.

“

O pedreiro cheira a pedra
o carpinteiro a madeira
cada un no seu oficio
eu tamén son atadeira.
Finca a tinta na man,
finca a tinta do trapo.

[20]

Os cordoeiros proceden de Portugal, sobre todo da Póvoa de Varzim, e instálanse primeiramente na Alameda e máis tarde van montar os seus propios talleres, chegando a existir tres cordelerías en A Guarda. Cardábase o liño, o cânabo e mesmo o sial da palmeira.

As redes había que entrallalas e encascalas. Para iso había que buscar a casca de salgueiro e poñela a remollo en pías, algunhas comunais, como as da Fonte da Ribeira, da Roda ou da Robaleira. O machucado da casca era tarefa de mulleres aínda que tamén había homes a xornal. Esta casca era fervida en potes ou caldeiras para botala de seguido en pilóns onde se tintaban as redes. O secado das redes facíase en longos varais que se estendían polas balcóns e casas dos mariñeiros.

As redes eran tamén “benedicidas” con ditos e rituais para que trouxeran boa pesca. “*Santísimo Sacramento, todo o malo vai para fóra, todoo bo veña para dentro*”. Cada rede tiña o seu nome. Desde unha *casea* que podía ter dous quilómetros de lonxitude a outras como a *boeira*, a *bragadeira*, a *terceira*, a *catreira*, a *cinqueira*, o *xeito*, as *raeiras*, os *rascos*, os *mollo*, as *lampreeiras*... E cada aparello leva a súa marca, a marca da familia.

A dureza da vida dos mariñeiros mostrábase con toda crudeza nas épocas máis duras do inverno onde chegaban a pedir para comer. Mais tamén había tempo para o lecer, xogando ás cartas na taberna ou, os máis novos, con batallas de pedras da Mariña para a Sobrevila.

Entre os costumes da vida diaria, nos casamentos hai melloras, lances e dotes de redes.

No tempo dos botes volanteiros, a partir dos 14 anos, xa había mozos nas embarcacións. Pero estas embarcacións de grande porte foron deixando paso a outra tipoloxía máis fácil de varar e de manexar: a gamela, a embarcación máis adaptada ao espazo guardés.

Unha embarcación que mostra a aplicación da sabiduría popular na construción dun barco que se adapta á navegación nun mar aberto, coas súas catro proas e a vela, boga segura nun mar bravo. A súa orixe pode remontarse ao século II d.C. segundo algúns investigadores.



Co nome de *masseira*, a gamela foise estendendo polo norte de Portugal. E é das mans dos carpinteiros de ribeira de onde saíron centos e centos de gamelas. Os estaleiros de Camposancos foron as factorías desde onde saíron toda unha diversa tipoloxía de embarcacións.

E os veleiros na praza de Chan do Conde ou na porta da igrexa a cortar os panos de *ala de pardela*.

As marcas das embarcacións constitúen un sinal de identidade de cada unha das familias mariñeiras tanto de A Guarda como do Norte de Portugal. Entre as marcas guardesas encontramos estrelas, cruceiros, peites, mastros, plumas, etc. Cada unha destas marcas é o brasón da familia e a súa transmisión réxese por estritas regras xenealóxicas. A relación de parentesco de moitas familias de A Guarda e a Póvoa fixo que moitas destas marcas coincidisen e correspondesen coa orixe familiar por veces xa esquecida.

A sabiduría dos mariñeiros de A Guarda, aplicada ao territorio onde desenvolven a súa actividade, foi transmitida de xeración e en xeración e maniféstase claramente na observación das nubes, das ondas do mar, das fases da lúa, do voo das aves ou da dirección dos ventos para saber como facer a saída ao mar.

Así empréganse expresións como *o bicho* para referirse ás nubes que traen o mal tempo, *o malloucón* cando o mar é grosso, *a maruxía* como mar duro ou *a reseca* cando hai un medio mar.

Estes saberes tamén orixinaron crenzas que se asociaron á boa ou mala sorte. Supersticións que orixinaron ritos para prever males. O símbolo máis frecuente é o Sansolimón, a estrela de cinco puntas debuxada dun só trazo, que dá boa sorte. Tamén son frecuentes as estrelas de seis puntas, as cruces ou os círculos. Empréganse amuletos como as ferraduras, os allos, os cornos de carneiro ou ramos de acevro.

Estas prácticas e crenzas, transmitidas oralmente, constitúen todo un saber que se mantén en moitos dos traballos e rituais diarios. Lendas como a do Lubisón, contos de baleas ou de mariñeiros e demos, son mostras do patrimonio cultural que gardan as *persoas portadoras* destas prácticas e saberes.

Bouza Brey recolleu a tradición dos pescadores portugueses que trazaban as súas marcas na porta da capela do monte Trega e despois desde o mar invocaban a protección da Santa con este tipo de cantigas:



“
Minha rica Santa Trega
dai-nos ventinho de popa
que nós queremos ir embora
e temos a vela rota.

O arghazo

A recollida do argazo nace como unha actividade complementaria á agricultura e vencellada aos seus ciclos, co fin de estercar as leiras. O oficio remóntase en séculos na franxa costeira que vai dende Panxón (Nigrán) até o Miño. Con destino a abonar leiras propias ou para a súa venda, o argazo reforzou historicamente a economía familiar do litoral atlántico.

[24]

Apañado no mar ou en terra, o proceso de recolleita amósase case invariable na actualidade, tanto no que se refire á extracción, apeiros, localización e especies, coa única excepción da variedade “xerez” (*Gelidium sesquipedale*) que dende a década dos anos 80 do século pasado, é seleccionada e procesada cara a industria farmacéutica e cosmética .

A apaña “a flote” practicada na antigüidade recollía o argazo no mar utilizando gamelas tripuladas principalmente por homes auxiliados por un “cramoeiro”, ferramenta que consistía nunha longa vara rematada nunha boca con rede. As mulleres tamén traballaban co cramoeiro dende as rochas da ribeira, onde os nenos e nenas cativos tamén colaboraban nos labores de apañado.

Na ribeira as principais protagonistas até a actualidade son as mulleres que recollen o argazo botado polo mar sobre rochas ou nos areais. Traballo que fan normalmente á luz do día, e sempre coa marea baixa. Amoreado en grupos, o argazo é posteriormente



espallado nun tendal afastado do mar onde comeza o proceso de secado. As mans das argaceiras auxiliadas por “cavóns” e “ghanchas” son as ferramentas utilizadas neste oficio.

A recollida do xerez comeza a mediados de outubro “no Pilar”, en A Gudela, e termina na Ribeira, no mes de marzo. Aínda que segundo as argaceiras, fontes deste calendario, a tempada remata “cando ao mar lle dá a gana”.

A escasa rendibilidade económica unida ás duras condicións nas que se exerce este oficio artesanal ten provocado unha grave diminución no relevo xeracional neste eido. Motivo polo cal a súa continuidade presentase incerta, co perigo da perda non só das destrezas, tamén dos campos de coñecemento asociados ao mundo do arghazo como son: a toponimia, a talasonimia, ou a cultura mariñeira,... entre outros.

As redes

O oficio tradicional de redeira iniciábase a idades moi cedo e vinculado principalmente ás mulleres. Apenas as nenas adquirían as destrezas para deletrear as primeiras liñas dun libro, ás veces antes, e xa comezaban a encher agullas ao carón das súas nais. Fillas de fogares mariñeiros, o “progreso” das aprendices simbolizábase cando xa dominado o atado e reparación das redes, pasaban a traballar fóra da casa, nas chabolas dos peiraos na procura dun “cuarterón” do xornal do que gañaban as redeiras con experiencia.

A historia e evolución das artes das redeiras estivo en boa parte determinada polos cambios na materia prima dos fíos: cánabo (algodón), nylon e tanza.

A construción e mantemento das redes de cánabo, implicaba tarefas adicionais como o “encascado”, lavado (endulzado) e secado. O lavado das redes con auga doce realizábase inmediatamente despois da chegada das gamelas do mar, coa fin de retirar o salitre do tecido que posteriormente se estiraba para o seu secado. Por outra banda, o proceso de encascado tiña lugar antes e despois da pesca, co fin de tinguir as redes cunha solución a base de casca de salgueiro ou piñeiro moído e cocido. Ambos procesos evitaban o apodrecemento das mallas tras a faena, e unha mellor conservación das redes durante o almacenado invernal.

A chegada dos materiais sintéticos como o nylon e máis próximo no tempo, a tanza, eliminaron os tediosos procesos anteriores. Aínda así as horas de traballo non diminuíron. A demanda de panos de gran tamaño e as posteriores reparacións, precisan aínda da man de obra artesán.

En A Guarda, o oficio de redeira existe na actualidade grazas a un grupo de mulleres que mantén pequenos obradoiros. Como o resto dos oficios tradicionais mariñeiros, ten problemas co relevo xeracional por mor das longas xornadas de traballo e a escasa remuneración obtida a cambio.



A cordelería

O oficio tradicional de cordoeiro/a desapareceu xa en A Guarda por mor da inviabilidade económica dos talleres artesáns ante a chegada de produtos máis industrializados. No século pasado, o concello albergou tres grandes cordelerías que chegaron a dar emprego a preto de 30 persoas, principalmente mulleres. Os mestres deste oficio eran de orixe portugués vidos da Póvoa de Varzim no distrito de Porto: Álvaro Maya, O tío Xoaquín e Reinaldo.

[26]

O crecemento da flota pesqueira de A Guarda estimulou a demanda de cordas e fíos que estes tres obradoiros abastecían para a construción de redes e artes de cabotaxe. O cânabo que se traballaba nun principio a campo aberto e logo en edificios estreitos e alongados (duns 40 metros), comezou tamén a ser enviado ao porto de Vigo e ao norte de Portugal.

Durante a posguerra o cânabo, procedente na súa maioría de Alicante, tamén foi o salvoconduto para a entrada de contrabando de produtos como a fariña, o pan ou o café, moi escasos na época. As cordelerías tiveron a primeira gran crise coa chegada do nylon inglés que tamén era traído de Portugal de contrabando, nas primeiras partidas. A conversión a este novo material non foi posible nos talleres do tío Xoaquín e Reinaldo, que tiveron que pechar.

Só a cordelería do Maya foi capaz de evolucionar e manterse traballando co plástico até a chegada do século XXI, cando os procesos industriais e informatizados (“o sistema americano”), rematou por facer inviable a supervivencia do modelo artesán.



O percebe

A recollida do percebe toma pulo nos anos 30 do século XX cando medra o seu valor comercial por mor da súa utilización na hostalería. Antigamente, o seu destino era como alimento das galiñas e abono dos campos, logo de ser machacado. As artes do oficio mantéñense sen cambios no tempo, agás os trocos na vestimenta como os novos traxes de neopreno que substitúen ás vellas saias plásticas e un calzado máis adecuado para camiñar polas rochas.

A faldiqueira e a raspa seguen a ser os apeiros do oficio. Agora, severamente regulado coa obriga de levar chalecos salvavidas e traballar en grupo por mor do perigo que o entorno deste tipo de marisqueo implica. O seu exercicio legal necesita da obtención dunha licenza, administrada por cada confraría que xestiona as vacantes da zona. O relevo xeracional queda entón supeditado á posibilidade de obter algunha das prazas.

O proceso de esquilmo que durante décadas sufriu o percebe da costa atlántica é, xunto coa vixencia do furtivismo, o principal desafío que afronta o oficio cara o futuro. A apaño incontrolada deixou a súa pegada, fundamentalmente, nunha menor calidade do produto que actualmente se reflicte no descenso do seu valor.



O que fora o “ouro negro” da costa galega, hoxe non dá a rentabilidade suficiente para que os percebeiros e percebeiras poidan vivir dos seus beneficios.

A carpintaría de ribeira

[28]

O oficio de carpinteiro de ribeira espállase en A Guarda coa chegada dos mestres carpinteiros portugueses que a principios da década dos 30 do século XX arribaron á Pasaxe para a construción do barco Constantino Candeira. Unha nave de madeira de 400 toneladas con tres paus a vela, deu orixe á flota dos serradoiros de Candeira de Camposancos e serviu de ensinanza para moitos mozos que trocaram a carpintaría de obra pola de barcos.

Previa á fabricación deste barco madeireiro, a construción das gamelas e os botes da pesca artesanal realizábase nas adegas dalgunhas casas como a do Minxos, situada nas inmediacións da lonxa.

Algúns destes aprendices evolucionaron no oficio, converténdose en verdadeiros artistas autodidactas. Así, xurdiron os primeiros estaleiros de armado e reparación de barcos de madeira, a vela e logo a vapor. A gamela guardesa, símbolo da pesca local, recibiu os beneficios destes artesáns que foron mellorando a súa estrutura e navegabilidade. Os carpinteiros de ribeira de A Guarda foron quen de introducir e perfeccionar pezas que permitiron evolucionar á embarcación, así como a versatilidade e fortaleza da súa



tradicional vela latina. Isto último, da man doutros especialistas na arte de facer as velas que eran rematadas polas costureiras locais como a tía María “A coxa”.

A substitución dos barcos de madeira polos de fibra, máis fáciles de adquirir economicamente e de reparar, provocou unha quebra na demanda do oficio que comezou a esmorecer a finais de século pasado. Na actualidade, poucas persoas quedan cos coñecementos suficientes para revivir a carpintaría de ribeira. Na súa maioría, están xa xubilados ou sen vencello cos estaleiros.

O perigo de desaparición do oficio é unha ameaza se non existe un relevo xeracional no estaleiro El Pasaje. O último de carpintaría de ribeira.

A pesca artesanal

Perigo, pobreza e coraxe poderían simbolizar o estandarte do oficio de mariñeiro. Como porto de mar aberto, A Guarda impuxo o espírito de sacrificio como principal condición a toda persoa que decidira buscar a vida no mar. “Remar e remar” era o lema dos primeiros anos, cando as gamelas saían na procura do peixe, a lagosta ou o argazo, provistas de redes co pulo dos remos e, ás veces, dunha vela. Só unhas poucas familias tiñan barcos a vapor: o San José, o Jorgina, o Miniño, o Camposina, o Leiteiro, os Emilios, o Jalán, o Cangrena e o Consuelo.

O verán era a época de maior actividade pois as fráxiles e desprotexidas embarcacións facían case imposible a pesca de baixura no mar do inverno. Aproveitar a zafra permitía gardar algúns cartos para a casa; salgar e secar un pouco de peixe aplacaba a fame durante a estación fría. As familias complementaban co argazo ou algún traballo en terra a desocupación que abranguía varios meses ao ano na pesca de baixura. Se a necesidade golpeaba máis do resistible, as augas Miño abríanse como unha alternativa na pesca do sable ou da lamprea.

As poucas familias que tiñan acceso á compra dun barco a vapor podían complementar os ingresos con capturas en augas máis protexidas, como as das rías do país. Sen embargo, a historia do oficio recolle un pesado lastre: a perigosidade do mar.

Os mariñeiros son herdeiros dunha tradición milenaria que combina unha variedade de saberes adquiridos ao longo dos anos e que fixeron posible desenvolver con éxito o seu oficio así como o crecemento e desenvolvemento do sector e da economía local. Manter á familia era o eixo sobre o que xiraba a coraxe dos mariñeiros guardeses.

[29]





GF. 2225B

A pesca de altura

Primeiramente, o barco a vapor e, seguidamente, os motores a gasoil, permitiron afastarse da costa na procura dos bancos de peixe que agochaba a costa atlántica. Primeiro, Portugal e a costa cantábrica, e coa chegada dos grandes barcos, os caladoiros de Marrocos e do mundo en diante.

Os destinos máis próximos afastaban aos mariñeiros do fogar por tres ou catro semanas. Os que prestaban servizo nos grandes pesqueiros, marchaban coa muller preñada e volvían “cando o crío xa sabía falar”, segundo relatan tanto homes como mulleres.

A posibilidade dun naufraxio sempre estaba ahí. “O Gran Sol comeu varios barcos”, sinala Antolín Pérez, por iso, agrega, chámalle “o mar das viúvas”.

A evolución das artes permitiu a saída co trasmallo ás costas de Marrocos na procura de lagosta, pescada e rabada de barriga negra, entre outras especies. O palangre abriu as portas para a pesca do peixe espada.

A flota palangreira de A Guarda consta de máis de 70 barcos que na actualidade pescan nos caladoiros de todo o mundo.

As pessoas portadoras

[33]



“ Antes comíamos peixe seco
e patacas cocidas.
Non había outra comida.

MERCEDES LOMBA BAZ (1939)

REDEIRA - ARGACEIRA

Aos 8 anos comezou a traballar como asistente, como di ela, “para manterse” a cambio dun prato de comida que na casa a súa nai non lle podía proporcionar. Aos 19 anos casou con Luis Acevedo Pacheco, mariñeiro, e a partir dese momento deixou de servir para adicarse ao seu fogar, á crianza de sete fillos e fillas e a atender as redes do seu home mariñeiro. O oficio de redeira mantívoo até a xubilación do seu marido.

Mercedes relata que antigamente alternábase ao longo do ano o traballo no mar co traballo en terra. Así, a pesca, o marisqueo e o apaño de argazo, complementábase co cultivo de leiras.

Homes e mulleres adicábanse á recolla do argazo na temporada na que o mar o arrastraba até a ribeira. Os homes saían incluso nas gamelas a recollelo “a flote” con cramoeiros, para logo transportalo á terra onde se acumulaba para a súa venda.

Segundo relata, as xentes d’O Rosal acudían nos carros de bois até A Guarda a comprar argazo para estercar os campos, único destino que daquela se daba ao produto.

Sobre a venda do argazo para os cosméticos, “o xerez”, Mercedes sinala que non foi até os anos 80 do século XX cando comezou a comercializarse para tal fin. Esta variedade na Guarda dase entre a zona da Gudela e A Ribeira durante os meses de outubro e febreiro.

Pese a súa idade, hoxe en día, Mercedes aínda segue a “ghanchear”, apañando entre as rochas, tanto o xerez como o argazo para abonar as leiras que cultiva.



A man with grey hair, wearing a bright green V-neck sweater and dark trousers, sits on a wooden stool. He is surrounded by fishing equipment: a large blue net on the left, a wooden frame with a net on the right, and several large, round, yellowish-orange floats on the floor. The background is a rustic stone wall with various fishing nets and tools hanging on it.

“ Se non fose polo traballo das mulleres, os mariñeiros non poderíamos ir ao mar.


LUIS ACEVEDO PACHECO (1935)

MARIÑEIRO

Como á maioría dos mariñeiros guardeses, botaron ao mar de pequeniño, e aos 13 anos xa traballaba nun barco, un ano antes do que permitía o regulamento. Andivo á palometa en Vigo, á sardiña en Moaña e á pesca do cerco en A Guarda. Pescou de día e de noite, cando “o mar arde”. Fixo a lamprea no río Miño e o argazo na costa. Dos seus primeiros anos no oficio lembra que a demanda de peixe en A Guarda cubríase coa captura de poucos barcos. A caixa de peixe vendíase a 15 pesetas, por iso intentaba ofertar as pezas en Vigo onde a mesma caixa valía 25 pesetas.

Lembra que de neno, A Guarda tiña invernos “de 7 meses”. Tempo onde as gamelas quedaban sen saír ao mar. Daquela, con outros rapaces, tiñan que saír polas aldeas “a pedir pan ou mazás, o que fose para poder comer”. Cando había algún día de pesca, conseguía un “quiñón”; unha ducia de xurelos que o armador entregaba a cada mariñeiro.

Relata a obriga que ten a xente do mar de recoller os corpos dos mariñeiros falecidos. “Se non o fas, persíguete. Míralo en cada lugar onde recolles as redes”. Conta o relato dun mariñeiro que se negaba a recoller o corpo que lle viña entre as redes e o deixaba de novo no mar. O suceso repetiuse en cada lance até que este mariñeiro deu sepultura deste corpo en terra.





“ os trasmallos
déronlle a vida
a este pobo.

LAUDELINO RODRÍGUEZ PÉREZ (1928)


MARIÑEIRO

Acompañaba ao seu pai desde os 8 anos. Lembra que “daquela botábanos ao mar de pequeniños para que se acostumarán e logo non se marearan”. Pescaba fanecas e pacháns que logo vendía na praza, “porque non había lonxa”. Aínda cativo, a xornada comezaba ás 5 da mañá. Navegaban a remo até Portocelo e traballaban até as 4 ou 5 da tarde. O único alimento era un cacho de pan e algún sorbo de viño até que chegaba a cea. “Alí andaba eu, descalciño, cos pés metido na auga en pleno inverno”, sinala.

Na súa memoria, o inverno é sinónimo de miseria. Os barcos grandes fuxían da costa de A Guarda e as gamelas “subíamolas” á parte alta da aldea. Recorda a liña portuaria con casas pequenas e baixas. Sen máis transporte público que dous taxis, o resto da mobilidade reducíase ao que aportaban as gamelas. Agrega que o progreso chegou coa evolución dos barcos e a pesca. Entende que A Guarda medrou grazas ao traballo mariñeiro, “foi construída polos fillos do mar”.

Aos 30 anos marchou por dous anos á mariña mercante. Alí tivo a oportunidade, como tantos compañeiros de A Guarda, de coñecer mundo. Percorreu os portos da Europa comunista, os de América Central e do Sur, mais foi nos Estados Unidos onde comprobou nas conversas con mariñeiros dese país que había outra forma de vivir o oficio, sen o vencello á miseria.

Laudelino formou parte das “cuarteladas” no río Miño onde as flotas galegas e portuguesas se coordinában na pesca sable. Navegou o Miño e a costa atlántica tantas veces que é capaz de recoñecer a case totalidade dos topónimos e talasónimos do lugar. A súa implacable memoria é capaz de recitar, sen esquecementos, os nomes da flota de barcos a vapor, gamelas e mariñeiros que transitaron A Guarda desde a posguerra.





“ a vida dos
marineiros sempre foi
de moito sacrificio.

ANTONIO ADROVER GONZÁLEZ (1929)

MARIÑEIRO

Lembra os nomes dos seus mestres na escola, primeiro Don Miguel, cando tiña 4 anos; e logo, as clases na de Manolo Carceiro. Alí estaba polas mañás e xa con 7 anos enriba da gamela do avó, ás fanecas pola tarde.

No inverno, as familias mariñeiras buscaban o seu sustento. Ao monte a por piñas para vender ás panadarías. Ao argazo, e incluso ao marisqueo para facer o caldo xunto con algunhas berzas collidas nalgunha leira. Aprecia a solidariedade entre moitas familias veciñas nas épocas duras. Se o verán tiña sido bo, e había moito peixe seco, lembra á súa nai levando algo ás casas doutras familias con máis problemas. A solidariedade tamén se daba entre pescadores de A Guarda cos veciños de Mougás. Neste punto, Antonio relata como traballaban varias xornadas collendo peixe que entregaban aos veciños do lugar, e que anotaban nun caderno. Cando chegaba a colleita do millo e outros produtos da terra, de Mougás chegaba o alimento que en boa medida enchía o caldeiro das familias dos mariñeiros guardeses.

É consciente que a pesca e o marisqueo incontrolado esquilmaron a riqueza con que contaba a costa galega. Necesidade ou avaricia, segundo o caso, levou a que por moitos anos se practicara unha extracción sen control, da que non dubida en afirmar que a súa xeración formou parte. Con humor pero tamén con certa dor afirma que os guardeses *“foron como o cabalo de Atila, por onde pasaban nin a herba crecía”*.





“o traballo das mulleres
era continuo, día e noite.

CARMEN BAZ RODRÍGUEZ (1936)

REDEIRA

Entrou no oficio aos 7 anos e aos 10 perdía moitos días en ir á escola por mor do traballo nas redes. Conta que lle gustaba tanto ler que polas noites aproveitaba calquera “papelíño” escrito que estivera na casa paterna para introducirse na lectura. Por iso, o inverno era a súa estación preferida, porque ao non saír os barcos ao mar, podía acudir ás clases.

Lembra que de nena non había tempo que non estivese dedicado ás tarefas do fogar, do campo ou do mar. Cos anos acumulábanse máis responsabilidades, nunha vida que cualifica de “escrava” para as mulleres de entón.

Relata o proceso de encascado das redes, unha tintura feita a partir da casca moída e fervida dos salgueiros. Materia prima que sacaban do monte “os da aldea” e que era transportada en camións para vender nos baixos da zona do peirao de A Guarda.

Conta como machacaban nunha pía redonda de pedra a casca seca cun mazo de madeira. Logo, botábao nun pote con auga situado enriba dunha caldeira a leña. A sustancia fervía todo o día para que na noite, a través dunha tubaxe, vertela nun pilón onde se colocaban as redes de cânabo para a súa conservación.

O tinguido era fundamental para conservar as artes logo da pesca, así como para almacenalas nos “arcases” de madeira na tempada do inverno.



“o oficio de
carpinteiro de ribeira
era moi especializado.



JUAN CASTRO BARCIA (1939)

CONTABLE - CARPINTARÍA DE RIBEIRA


O seu irmán Joaquín Castro, funda o primeiro estaleiro na Pasaxe que mantén vivo até finais do século pasado onde pasa a fabricar embarcacións de poliéster.

Segundo as súas contas no estaleiro familiar construíronse entre os anos 1952 e 2000, máis de 150 barcos de madeira. Como aconteceu no oficio de cordoeiro, os mestres da carpintaría de ribeira chegaron de Portugal. Lembra que o seu pai foi aprendiz do mestre carpinteiro do barco “Constantino Candeira” (1931).

Aos 16 anos, axudaba no estaleiro familiar nas tarefas administrativas e amodiño, foi achegándose á carpintaría ao carón dos calafates portugueses, os máis especializados da costa atlántica, segundo a súa opinión.

Retirado, garda aínda unha maceta de madeira e un xogo de ferros, obsequio do último mestre calafate portugués co que traballou. Gustábanlle facelos “cantar”, dando pequenos golpes aos ferros coa maceta.

Recoñece que o oficio está case en extinción, pola falla de relevo xeracional e a case inexistente demanda para a construción de barcos de madeira.





“ de pequenos durmíamos
tapados coas velas
das gamelas.

MANUEL CADILLA RODRÍGUEZ (1937)


MARIÑEIRO - ARMADOR

Traballou no mar dende os 9 anos até hai pouco “cando me xubilaron”, sostén con ironía Manuel.

Cando o seu pai o botou ao mar, debeu deixar a escola, instrución que continuou máis tarde con clases nocturnas. Até os 19 anos traballou na empresa familiar, na pesca artesá de baixura. Lembra os nomes das gamelas do seu pai, África (“a pequena”) e Aida, en honor a súa irmá, a máis grande.

Foi con redes á lagosta e, cando as redes “xa non daban”, traballou coas nasas. Primeiro, na costa de A Guarda, e máis tarde en Portugal. En Montedor tivo a primeira experiencia cunha tormenta de verán que o mantivo cinco días nun “pinidín”, durmindo na area, nunhas chabolas.

Como todo home do mar da época na que non se traballaba con radares nin GPS, é experto en marcas. Un conxunto de saberes que, tomando accidentes xeográficos ou puntos visibles da costa, permitían botar as artes ou situar lugares de pesca nas láminas de auga, en base a un sistema de triangulación “invisible” ao mundo material, só rexistrados na memoria dos mariñeiros. “Bueno, algo se apuntaba” sinala con humildade e entre risas. Sobre todo ,se se botaban varias “caseas” era necesario levar algún tipo de apuntamento para non esquecer.





“ xa non hai rapaces
que saiban o noso oficio.

MANUEL GONZÁLEZ DADÍN (1934)

CARPINTEIRO DE RIBEIRA

Comezou como ebanista aos 13 anos da man do mestre ebanista Florindo Rodríguez. Aos 17 decidiu independizarse e foi autorizado a traballar nunha antiga carpintaría de mobles. Alí, aos 24 anos, construíu o seu primeiro barco de 8 metros de eslora.

Autodidacta, recoñece a súa vocación pola xeometría e as matemáticas, os alicerces dunha próspera actividade como carpinteiro de ribeira.

A pegada dunha tuberculose impediulle rematar un encargo dunha nave de 29 metros e a expansión da súa empresa, que xa construía para mariñeiros de Baiona e A Guarda. Retornou catro anos despois ao oficio, na construción de pequenas embarcacións.

A súa actitude innovadora, levouno a comezar a construción de embarcacións deportivas que comercializou con éxito en Vigo. Fixo máis lixeiras as gamelas coa substitución dos tablóns de madeira por contrachapados.

A infancia viviu na posguerra, sen posibilidade de ir á escola. O seu pai, retornado da Arxentina, ensinálle a ler, así como as regras básicas das matemáticas que lle serviron de base para poder continuar coa súa formación autodidacta.





“ pasamos unha vida
dura dende pequenas.

M^a DEL MAR MARTÍNEZ BLANCO (1933)

CORDOEIRA

Afirma que estudou pouco, case nada, pois aos 9 anos estaba a carón do seu pai, Reinaldo, o cordoeiro, a fiar e a aprender.

Casou con Antonio Portela, albanel que de mozo traballou na construción da cordelería de Reinaldo. Lembra o brutal esforzo que ela e as vinte mozas empregadas no taller debían facer a cotío non só para fiar durante horas, senón tamén para carrexar auga e transportar fardos de cádavo, a materia prima do obradoiro.

Por riba, as pesadas cordas con destino ao peirao tamén debían ser achegadas polas mozas, que as levaban na cabeza.

O esforzo era gratificado polo seu pai cun xornal semanal equivalente a 25 pesetas.

Lembra que a cordelería de Reinaldo foi a primeira en impermeabilizar as cordas, utilizando alquitrán, servizo que o seu pai tamén presta aos outros talleres.

Cando o cádavo foi deixado de lado pola introdución do nylon, Reinaldo decidiu pechar a cordelería pasando ao ramo da zapatería.





“ non queda nada
do noso oficio.

ENRIQUE GÓMEZ MAYA (1946)

CORDOEIRO

A súa familia foi unha das primeiras en traer o oficio de cordoeiro ao concello de A Guarda no agromar do século XX, da man do seu bisavó portugués, orixinario da Póvoa de Varzim. Segundo a tradición familiar, as primeiras cordas de cádavo elaboráronse nun descampado na Alameda. Lugar onde medrou a empresa familiar dos Maya até acadar a construción dun primeiro edificio no transcurso da década dos anos 40.

Lembra a súa infancia en medio dos fíos e cordas da cordelería, onde de neno comezou como aprendiz ensinado polo mestres familiares: avó, tíos e pai. A súa inxenuidade levouno a adoptar un espírito creativo e modernizador do oficio que lle permitiu soste-la empresa até finais de século, cando o modelo artesán quedou desbotado polo arribo da produción industrial a escala global.

Entende que a perda total dos coñecementos e artes do oficio está a piques de suceder, pois a tradición morrerá con el. Ningún dos descendentes das familias portuguesas que trouxeran o oficio está en activo, nin tampouco as mulleres galegas que aprenderan a facer cordas nas rodas que en cada punta da nave, fiaban mentres a luz alumara.





“ cando volvías para casa
os fillos pequenos
choraban porque
non recoñecían aos pais.

JOSÉ BENITO GONZÁLEZ MARTÍNEZ (1948)

MARIÑEIRO - PATRÓN


Saíu ao mar aos 14 anos nun barco que o seu pai tiña en sociedade co patrón Manuel Martínez Álvarez, “O Plumeiro”, a quen recoñece como mestre do oficio. Con el coñeceu os segredos do mar, “aprendeume” a navegar e sinálao como unha persoa a quen lle “colocaría os galóns de almirante”.

A súa experiencia como patrón permitiulle participar da evolución do oficio nos últimos 50 anos. No que respecta á relación coa tripulación, “antigamente os patróns impoñíanse ante os mariñeiros”, era “case unha ditadura”. Salienta que na actualidade as relacións cambiaron, hai diálogo e intercambio de opinións, aínda que as responsabilidades das consecuencias da ruta elixida e o punto de pesca as siga a ter o patrón.

Namorado da vida do mar, sen embargo lamenta a separación coa familia. Lembra como os fillos pequenos non o recoñecían cando retornaba logo de tres meses de traballo no mar. “Os fillos crecéronme sen darme case conta”, reflexiona, “non compartín a vida con eles”.

Nunha mancha de anécdotas gratificantes que deixa toda unha vida mariñeira, Benito destaca a historia da rotación de cociñeiros no barco. Na súa nave, os mariñeiros tomaban quenda por día para cociñar. “Sempre con peixe do bo”, polo día, e pito ou pasta pola noite”. Lembra que “algún sacaba guisado de patacas á mariñeira que había que escollelas para poder comelas. Eran patacas submarinas!”.



A middle-aged man with glasses, wearing a dark blue jacket over a light blue polo shirt and blue jeans, is smiling and sitting in a rustic setting. Behind him is a stone wall with fishing nets and gear hanging on it. To his left is a wooden crate with a black bucket inside. To his right is a basket filled with fishing equipment. The lighting is warm and focused on the man.

“ antes os barcos
eran abertos por popa
e os golpes de mar
levaban moitas vidas
por diante.

ANTOLÍN PÉREZ ALONSO (1945)

MARIÑEIRO


Comezou no oficio aos 13 anos acompañando ao seu pai nunha gamela cativa na pesca de baixura. Traballou na empresa familiar na que os homes ían ao mar e as mulleres ataban e reparaban as redes. A construción dun barco de 15 metros permitiulles pescar ao norte do país na temporada do verán, o que trouxo máis beneficios pois a competencia era menor e a pesca era boa. No inverno, poñían rumbo ao sur, con destino á costa portuguesa e ao norte pero nunca máis alá de Fisterra. Os días que había mar, relata que preferían levar as redes ás rías.

O afastamento da familia non era maior a dez días. Sinala que o límite o poñían as propias artes de pesca, daquela de algodón, que necesitaban o mantemento para non apodrecer. Por outra banda, a faena nas rochas “onde está o peixe” rompíaa. O retorno implicaba o traballo urxente das mulleres, pois non había redes de reposto.

Lembra como os peores momentos as tormentas no Gran Sol, que pola grande cantidade de naufraxios rexistrados na zona, sinala que o nomean “O mar das viúvas”. Outro destino perigoso era a captura de pescada en Francia, nunha embarcación “sen refuxio algún”, onde dez tripulantes debían afrontar o mar bravo nun barco “moi cativo para aquel inferno”.

Advirte que destas cousas non se fala na casa “para que as mulleres non o pasen mal”. Recoñece que nesas expedicións, cando o barco se move, “non dormes”.

Os seus últimos anos como mariñeiro foi nun palangreiro guardés.





“ cando miras
unha boa piña de percebe
tes que preguntarte
por que está aí

ESTRELLA RODRÍGUEZ VICENTE (1942)

PERCEBEIRA

As necesidades propias dunha familia numerosa de 10 irmáns e máis un “tío solteiro”, facía imprescindible saír a traballar dende pequena, relata Estrella.

Ela coñeceu varios oficios do campo e do mar xa de rapaza. Ao mar saía descalza e cunha saía de plástico a apañar o percebe. Un traballo que se facía con moito perigo, agravado polo feito de que ela non sabía nadar.

Lembra que en Portocelo un “ribaideiro” controlaba o horario da apaña. No resto da costa non existía antigamente tal control. O produto da recollida vendíase nos poucos bares da zona e logo percorrendo os barrios de A Guarda.

As condicións de traballo eran duras e recorda que tan pronto como saían do mar, molladas, subían cara ao traballo nas leiras, onde a roupa secaba por mor da faena, sen posibilidade de cambiarse.

Comezou a apañar percebes aos 20 anos, estimulada polas 70 pesetas que gañou na primeira venda dunha xornada de traballo. “Toda unha fortuna, daquela”, lembra.



An elderly man with grey hair and a weathered face is sitting in a fishing boat. He is wearing a dark blue V-neck sweater with a small green crocodile logo on the chest, over a light-colored collared shirt, and dark brown trousers. His hands are clasped in his lap, and he is wearing a gold watch on his left wrist. The boat is filled with fishing gear, including several large, reddish-brown fishing nets hanging from the sides and a wooden crate with a black bucket inside. The background is a rough, stone wall, suggesting a coastal or harbor setting. The lighting is warm and natural, highlighting the textures of the nets and the man's features.

“ as velas das gamelas
facíanse incluso
dentro das igrexas

JOSE LUIS LOMBA MARTÍNEZ (1943)

MARIÑEIRO

Mariñeiro e apaixonado do mundo da gamela, e as embarcacións de madeira, reproducéas con detalle nas maquetas que garda na súa casa e que expón en diversas mostras.

Relata o traballo de fabricación das velas latinas que usaban as gamelas guardesas, un traballo complementario ao dos carpinteiros de ribeira. Este labor e era asistido polas costureiras, que cosían os panos de algodón que por tramos e prendido con alfileres, constituían a estrutura base da vela.

Lembra que as velas se facían dentro das igrexas para aproveitar a sombra. Apartaban os bancos “de rezar” e estendían as teas dirixidos por un técnico. No seu caso, a primeira vela construíuna no faiado da súa casa, axudado polo seu tío Benito Lomba, “O vítima”.

A popularidade do motor nos barcos rematou co oficio. Lembra que a vela comezou a verse como “un atranco” nas embarcacións.





“ pasamos unha infancia
moi escravizada, moi dura
para sermos raparighas.

MARÍA RITA GONZÁLEZ MARTÍNEZ (1953)

REDEIRA

De pai mariñeiro e nai redeira, medrou no medio das redes. Con 6 anos de idade xa enchía as agullas das redes da casa e comezaba a aprender o oficio de atar ensinada tanto polo seu pai como pola súa nai. Daquela, compaxinábase o colexio coa carga de traballo familiar, indo a apañar leña ao monte ou carrexar auga da fonte. Aos 12 anos xa comezou a atar e a reparar fóra da casa como redeira nas “chabolas” do peirao.

Na súa época, as redes eran aínda de algodón, e o proceso requería aínda dun traballo extra, aparte da reparación, cosido ou armado da propia rede. Era o que se coñecía como o “encascado”.

Apunta como naquel tempo as mulleres encargábanse, non só das tarefas da casa ou das redes, senón tamén de vender as capturas que traían os respectivos maridos.

Logo do algodón chegou o nylon e supuxo un abismo no oficio, principalmente eliminando xa o proceso de “encascado”. A chegada da tanza foi outro cambio no sector xa que, salvo as “sableiras” do río Miño, o pano xa non se reparaba e tan só se entrallaba como acontece até o día de hoxe.

Gústalle o oficio pero recoñece que preferiría ter traballado noutra cousa. Neste senso, salienta a dificultade de compaxinar a vida laboral e familiar. Ademáis, os beneficios son escasos en relación co desgaste físico e as pegadas do oficio, a artrose, que segue sen ser recoñecida como unha enfermidade laboral.





“sabes que do teu traballo
dependen moitas familias
para saír ao mar.

MANOLI PACHECO BARBOSA (1973)

REDEIRA

Filla dunha redeira e un mariñeiro, Manoli aos 12 anos xa traballaba nas chabolas do peirao. Relata que cada barco tiña a súa chabola, e os grupos de redeiras respondían ás necesidades desa embarcación.

Sendo das máis novas do grupo de redeiras “legais” que manteñen a actividade en A Guarda, a súa infancia tamén viu diminuídos os seus dereitos de escolarización pola necesidade de procurar recursos para a economía familiar. Hoxe, participa activamente na asociación de redeiras na dignificación e recoñecemento do oficio.

Sostén que a regularización das redeiras é fundamental a tal fin. Non só para evitar a competencia desleal das “ilegais”, ou non aseguradas, senón para que o oficio sexa capaz de obter a “visibilidade” que merece fronte ao mercado e ás autoridades públicas.

Manoli sabe que non existen aínda máquinas industriais capaces de armar ou reparar as redes que por milleiros utiliza a flota pesqueira do país. Un cálculo aproximado das redes que precisa un barco, que a inmensa maioría non son mercadas nas naves e obradoiros legalmente constituídos. O mercado negro suministra, ao menos, a metade da produción necesaria, a prezos que pagan a hora de traballo nuns niveis próximos ao custe dunha man de obra escrava.





“ o futuro deste oficio
é moi negro.

CARMEN PACHECO BARBOSA (1961)

REDEIRA

Carmen integra a última xeración de redeiras formada por mulleres que roldan os 50 anos. Aos 13 anos traballaba no oficio como profesional, no momento en que os fíos de cádavo deixaran espazo aos de nylon. A súa destreza no armado e reparación de redes é herdanza da súa nai, “mestra de redeiras”, e produto, como no resto das súas compañeiras, de medrar en fogares mariñeiros, “entre redes”.

Casou nos anos 80 e a retirada da flota que ía á lagosta a Marrocos levouna a deixar por algúns anos a profesión. A crise dos oitenta a lámbraa como un momento difícil para a comunidade mariñeira de A Guarda. Nesta época desaparecen as chabolas da liña de costa e comezan a substituírse por locais gastronómicos e comerciais e nestes anos os barcos trocaban as artes para a captura do peixe espada. Unha arte de pesca que se armaba polos mariñeiros nos barcos, deixando case sen traballo ás redeiras.

A formación da sociedade de redeiras de Atalaia de A Guarda animouna, como a tantas outras, a apostar por soste o oficio, nun marco legal que prometía maior seguridade e futuro. Sen embargo adoita pensar que tal cousa é difícil que suceda.

A incerteza, non xa de cobrar un xornal, senón de cubrir os custes de autónomo, e máis os intentos de substituír ás mulleres por tecidos industriais ou persoal de abordo, son os seus argumentos para pensar que “o futuro é negro”.





“ as redes de fío de antes
eran como o encaixe de bolillos.
Unha obra de arte.

MARINA ÁLVAREZ RODRÍGUEZ (1961)

REDEIRA

Marina, redeira de profesión aínda en activo, mostrou con orgullo unha rede do cerco de máis de 100 anos que conservan na asociación de redeiras Atalaia.

A rede de cádavo, cosida e entrallada a man, é unha mostra do perfeccionamento que adquiriron ás redeiras en A Guarda, onde o acabado dos panos parece mesmo un encaixe de bolillos, como apunta Marina.

As cortizas e os boureles feitos de sobreira, levaban gravadas as marcas de mariñeiro características de A Guarda. Un código de propiedade consensuado polos mariñeiros guardeses para diferenciar os aparellos.

Marina sinala como aínda quedan en A Guarda mulleres que fixeron este tipo de redes, íntegramente a man, utilizando as formas de madeira para facer o tamaño da malla igual en todo o pano.



A woman with short blonde hair and glasses, wearing a blue and white floral patterned shirt and dark blue pants, is seated in a rustic room. She is holding a wooden netting tool (a "carrizo") and appears to be in the process of mending or creating a net. The room is filled with various fishing nets, some hanging on the wall and others draped over wooden frames. The walls are made of rough stone and plaster. In the foreground, there are several large, yellowish-brown gourds or pumpkins. The overall atmosphere is one of traditional craftsmanship and maritime culture.

“ as redes só
se poden facer á man.
É unha manualidade

ANTONIA CORDERO GONZÁLEZ (1957)

REDEIRA

Toda a familia de Toñi está ligada ao mar. A súa nai ensinoulle o oficio aos 10 anos e con 13 compaxinaba o traballo de redeira de día co de sacar adiante os seus estudos de noite.

Lembra con exactitude como era o proceso de encascado das redes coa casca esmagada de salgueiro. Pero sobre todo lembra como carrexaban auga de pequenas para encher os potes onde se cocía a casca.

Toñi salienta a figura da muller do mar, e o traballo cotiá que tiñan que afrontar para sacar adiante a casa, as redes e a economía familiar. Mais denuncia as condicións nas que debían facelo, xeralmente sen a debida compañía dos homes que nun entorno cultural machista, gozaban de tempos de ocio negado ás mulleres, así como licenza para non implicarse en tarefas do fogar ou outras como o de levar o peixe á lonxa, “porque era cousa de mulleres”.

Entende que levou unha vida mellor que a dos seus pais. Entre outros motivos, porque as súas casas estaban mellor acondicionadas e permitíalles poder traballar mentres coidaban dos fillos. Encargábanse de todo na casa, xa que o home estaba 5 meses no mar na pesca de altura. Neste punto, lembra que o peor era a mala comunicación existente cos barcos de altura.

Afirma que lle gusta o seu oficio de redeira, aínda que reconece que está moi mal pagado para as horas que lle dedican. Lamenta que a pesar da especialización e dedicación que esixe, os beneficios non son suficientes para manterse.



A man with glasses, wearing a blue V-neck sweater over a light blue collared shirt and blue jeans, sits on a wooden stool. He is in a rustic room with stone walls. The room is filled with fishing equipment: several fishing nets (red, blue, and white) are hanging on the walls and draped over wooden frames. A wicker basket filled with fishing tools is visible to the right, and two yellow floats are in the foreground. The lighting is warm and focused on the man.

“ As carpintarías de ribeira,
desaparecerán para sempre

ANTONIO BAZ ALONSO (1943)

MARIÑEIRO - CHÓFER

Cando lle preguntan pola súa profesión adoita contestar: “de todo” e pasa a enumerar: mariñeiro, albanel, condutor profesional, tecedor de chaquetas, “alemán”

Na visita aos estaleiros El Pasaje, Antonio fixo de anfitrión dada a amizade cos donos e mestres carpinteiros do estaleiro.

Defende o barco de madeira polas súas vantaxes fronte ao de poliéster ou de ferro. Entende que o de poliéster e “moi livián” e o de ferro demasiado pesado.

Sinala que o estaleiro El Pasaje é o único establecemento destas características aínda activo de carpintaría de ribeira en A Guarda e xunto ao de Noia, os dos últimos de toda Galicia.

No estaleiro lembra a construción e reparación de barcos para a pesca desde seis até dezaioito metros. Afirmo que os estaleiros de A Guarda eran os máis especializados, e provían a toda Galicia de barcos de madeira.

Como patrón de tráfico interior, Antonio coñece á perfección os segredos da navegación polo Río Miño.



AGRADECIMENTOS por orde alfabética

Álvaro Peralta

Antolín Pérez Alonso

Antonia Cordero González

Antonio Adrover González

Antonio Baz Alonso

Antonio Martínez

Antonio Portela Fernández

Begoña López

Begoña Pérez Lomba

Benito González Martínez

Carmen Baz Rodríguez

Carmen Pacheco Barbosa

Concepción Rodríguez

Eneas Fernández Freire

Enrique Gómez Maya

Estrella Rodríguez Vicente

Gloria Portela Loureiro

Gustavo Domínguez

Inocencia Rodríguez Vicente

Joaquina Cardoso Fernández

Jose Carlos Rebollar Portela

José Iglesias

Jose Ignacio Adrover

Jose Luis Lomba Martínez

Juan A. Pintos

Juan Castro Barcia

Laudelino Rodríguez Pérez

Leonardo González Pérez

Lucía Martínez Pérez

Luis Acevedo Pacheco

Luis Lechuga

M^a del Mar Martínez Blanco

Manoli Pacheco Barbosa

Manuel Cadilla Rodríguez

Manuel Ganzález Dadín

Manuel Rodríguez Vaz

María Elena Herbello Puentes

Marina Álvarez Rodríguez

Mercedes Lomba Baz

Pablo Banga

Paula Alfonso

Ramón Adrover González

Raquel Outeiral Radío

Rita González Martínez

Tino Baz

Victor Fuggetto

Xurxo Souto

Asociación INFOMAXE A Guarda

Asociación Redeiras Atalaia de A Guarda

CGAI - Centro Galego de Artes da Imaxe

Confraría de Pescadores San Tecla de A Guarda

Estaleiros El Pasaje

ORPAGU

Padroado Municipal Monte Santa Tegra


Radio Televisión Española

Xamonería Rumbo

UN MAR DE TESOUROS

"Unha tradición verdadeira non é o testemuño dun pasado caduco; é unha foza viva que anima e informa o presente. Lonxe de implicar a repetición do que foi, a tradición supón a realidade do que perdura. É como un ben de familia, un patrimonio que se recibe a condición de facelo frutificar antes de transmitilo aos descendentes".

Igor Stravinsky. París 1952



www.patrimonioaguarda.org/app



Concello de A Guarda



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE AGRICULTURA,
ALIMENTACIÓN
Y MEDIO AMBIENTE



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR



UNIÓN EUROPEA

Fondo Europeo
de Pesca

Europa inviste na pesca sustentable.

www.accioncosteira.es

Coordina

PNO!
SPAIN

Ponte... nas ondas!